

APOCALIPSIS E RADICALISMOS

Manuel Herminio Iglesias

Con cara de ferreiro, Don José María Aznar, nun acto partidario exacerbado de patriotismo, afirmaba: España atópase intervida de feito por culpa do rumbo que leva a súa economía. E responsabilizaba ó goberno de todos os males que lle acontecían ó Estado rematando coa mesma proclama de Rajoy: que falen as urnas, que o mesmo que pedir eleccións anticipadas. Ademais referíndose ás autonomías dicía: o seu estado é inxustificable, feito este que anuncia ventos de Loapa ou algo semellante. Este persoeiro con aire de resentido e mal encarado que anda dando consellos, sen facer a máis mínima autocrítica sobre a súa xestión como gobernante, lémbreme o mal perder e a inutilidade dos radicalismos estériles na vida política. Claro que, as palabras de Aznar, son intencionadas e deixan ás claras unha mensaxe: ou se convocan eleccións antes do previsto, ou isto será a apocalipsis. A proclama está clara: desprestixiar o goberno, sen importar os perxuizos que se causen, para que este non chega a un gran pacto con todas as forzas sociais e, o fracaso, permita o desembarco dos populares na Moncloa. E diso e do que se trata: desacreditar e menosprezar toda acción de goberno coa intención de que vaia a pique todo intento de chegar a consensos básicos e acordos que nos permitan superar a crise mundial, que nos afecta de cheo e que nos coloca como o país co máis alto número de parados da Unión Europea.

Pola outra banda, o sindicalismo galego, anuncia unha folga xeral inmediata e pide a colaboración política do grupo que camiña do brazo da devandita central sen esperar ao resultado do diálogo social aberto co executivo. Facerse notar por non ser convidados, ou non querer dialogar, e outra forma de xenreira. Para cando a política se desvinculara das reivindicacións sindicais. O sindicalismo xunto co nacionalismo segue na barricada dende os setenta, diría un compañeiro e non sabe facer outra cousa.

Supoño que moitos cidadáns lembraránse da época de Julio Anguita cando falaba con Aznar. O felipismo era o inimigo. Era a época do programa programa. Logo veu o goberno do PP. E a formación gobernada polo P.C, aínda que moi adornada de colectivos, perdeu representatividade e o Califa caeu.

En fin, difícil saída ten Zapatero para zafarse dos extremismos. Extremismos que, como no caso sindical galego, parece que erran na táctica. Pois se fracasa o ansiado pacto social, acordo que se reclama dende sectores moi amplos da cidadanía, os populares terán a coartada perfecta para seguir reclamando eleccións anticipadas, sabedores das grandes posibilidades que teñen para chegar gobernar. E logo viran as reformas antisociais de verdade, as que agora están agochadas e nin se mencionan.

Os radicalismos sen alternativa política fiable, nunha sociedade tan complexa e contraditoria como a nosa, condúcennos irremediabilmente a posturas antagónicas que sempre lle abren a porta a gobernos conservadores. Primeiro foi no Reino Unido, e xa vimos o que aconteceu. Por iso uns piden que fracase o dialogo cos axentes sociais e empresariais e anuncian o caos, e os máis radicais pola esquerda axudan coas mobilizacións a que chegue a dereita a gobernar. Todo un disparate, pois os

segundos non se decatan de que os problemas sociais que temos no 2011 non son os mesmos que tiñamos nos anos setenta do século pasado.

Aznar emulando a un dos catro xinetes da apocalipsis camiña lanzando exabruptos contra o goberno e contra a fiabilidade económica do Estado. Triste e resentida figura política temos que manter. E os radicais que miran cara modelos políticos superados noutros lugares do planeta, co seu radicalismo axudan a que cheguen a gobernar os máis conservadores e antisociais. Cousas veredes.